22

Carballiño I, 2, Liñares

CD 212, 16 - 17

I,2,393. 30) [Moito] baila moito baila (3)
~~hai todo~~ no cu-e
quén cho botou lapardeiro
quén cho botou fuches tu-e.

ai o do remendo
VI 270 c
VI 109

395. 31) Das rapazes das ovellas (3)
todos se queren casar-e
pobrecitas das ovellas
como ~~se andan a~~ agharfiñar-e.

VI 1730
s'han d'

Carballiño I, 2, San Martín Lamas S. Cristovo de Cea

17

I,2,402. 1) /:Durme meu neno:/ (1)
no Santo colo
de túa nai.
E despois cando despertes
disse sono lai de min!
sintirán grandes angustias
po-lo moito que vou a sofrir.

408. 2) /:Ai qué ruelo:/
hai que ruelo cantar.

411. 3) Hei de ir a seitura a Lugo (2)
e hei de levaraa morena
de día sego nas pallas
i a noite durmo con ela.

416. 4) O cura e mai-la criada (3)
foron sachar os melós
e como lle estaban duros
botáronse á bofetós.

419. 5) O cura e mai-la criada (4)
ordenaron de cocer
tiñan a leña no monte
a fariña por moer.

ARQUIVO DO PATRIMONIO ORAL DA IDENTIDADE
Museo do Pobo Galego
instituto de estudos das identidades

Carballiño I, 2, San Martín

CD 212, 17

I,2,422. 6) Miña sogra morreu onte (5)
e eu por ela non chorei-e
chorareille polo fillo
que lle vai servir ó rei.

425. 7) Nós daquí e vos dalá (6)
somos tantos coma vós
nos ~~comemos e~~ carneiro
á as cornas son-vos pra vós.

428. 8) Non te vaias: non te vaias
que teño que che decir (5)
que anque non che diga nada
levas de que presumir.

431. 9) Una noite no muíño
unha noite non é nada
o dormir ca muiñeira
eso sí qué moiñada.